



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORALLOITA
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 833 Semana do 13 ao 19 de maio de 2019

A PROPIA SENTENZA VINCULA OS DESPEDIMENTOS DOS TRABALLADORES CO MERO FEITO DA ACTIVIDADE SINDICAL DE ROGELIA E DE UGT. ISTO, PARA O SINDICATO, INCIDIRÍA NA NULIDADE XA RECLAMADA DESTES DESPEDIMENTOS

O TSXG ESTIMA O RECURSO INTERPOSTO POR ROGELIA MARIÑA E UGT E RECOÑECE VULNERACIÓN DO DEREITO FUNDAMENTAL DE LIBERDADE SINDICAL POR PARTE DE SEGISMUNDO GARCÍA E DE SARGADELOS

Na súa sentenza o TSXG ordena a Segismundo García o cese “inmediato do comportamento antisindical” e a indemnizar tanto á traballadora como a UGT-Galicia

Redacción.- A Sala do Social da Coruña do Tribunal Superior de Xustiza (TSXG) ven de ditar unha sentenza na que estima o recurso de suplicación interposto por Rogelia Mariña e UGT fronte á sentenza do 30 de outubro de 2018 do Xulgado do Social número 2 de Lugo. E, en consecuencia, queda revocada a sentenza de instancia.

A sentenza do TSXG resulta clara no seu fallo. Primeiro, estima que existe unha vulneración do dereito fundamental de liberdade sindical de Rogelia e do Sindicato UGT por parte do administrador único de Sargadelos, Segismundo García, e por parte da propia empresa Sargadelos.

Por elo, ordénase aos condenados, Segismundo García e Sargadelos, ao cese inmediato do comportamento antisindical, con condena a que non se entorpezca nin se impida a actividade sindical das partes demandantes, Rogelia e UGT.

Tamén se condena a Segismundo García e Sargadelos á publicación deste fallo nun lugar visible da empresa durante 15 días.

Ademais, en materia de indemnizacións, tanto Segismundo García como Sargadelos terán que aboar solidariamente a cantidade de 12.500 euros a cada unha das partes como indemnización pola vulneración do dereito fundamental á liberdade sindical.

Para UGT, resultan moi importantes varias das apreciacións realizadas literalmente na sentenza. Cabe destacar o punto onde afirma que “procede apreciar



a vulneración do dereito de liberdade sindical pola actuación de Segismundo e da empresa demandante en orden a dificultar e impedir o desenvolvemento da actividade sindical por parte da demandante e o Sindicato do que forma parte, anudando nas súas propias manifestacións, Segismundo, decisións empresariais como o despedimento de traballadores co mero feito do desempeño da actividade sindical por parte de Rogelia e de UGT”.

Neste senso, UGT insiste, polo tanto, na nulidade dos 20 despedimentos impostos polo administrador único de Sargadelos despois de todos os problemas abertos a raíz da súa conduta antisindical.

Ademais, o propio TSXG insiste en que non comparte a valoración da sentenza do Social de Lugo en virtude “da cal a conduta imputada a Segismundo e á empresa, e plasmada nos feitos e indicios, poida estar amparada polos dereitos recollidos no artigo 20.1 da Constitución e, en concreto, pola liberdade de expresión do mesmo. Pois a conduta da empresa a través do seu administrador foi

máis aló do mero vertido de opinións ou ideas respecto da actividade sindical desenvolvida por Rogelia e UGT, chegando a anunciar decisións, o despedimento de traballadores, vinculadas co mero exercicio de liberdade sindical e de representación, en especial, na reunión coa plantilla o 17 de agosto de 2018”.

Xa é a segunda vez que o TSXG lle dá a razón a Rogelia Mariña e a UGT. Xa o fixo en febreiro cando confirmou a nulidade do despedimento de Rogelia e obrigou a Segismundo García a responder solidariamente, xunto coa mercantil, co abono de 30.000 euros de indemnización.

Lembrar que todos estes feitos levaron ao Sindicato a desenvolver unha campaña en defensa da dignidade de Rogelia e contra a persecución sindical en Sargadelos, cuxa máxima expresión foi a multitudinaria manifestación en Cervo o pasado 23 de novembro na que participaron cadros e delegados do Sindicato procedentes de toda Galicia e doutras partes do Estado e a propia Comisión Executiva Confederal, co seu secretario xeral, Pepe Álvarez, á cabeza.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

17 DE MAIO DE 2019, DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Antón Fraguas será o protagonista nesta edición

Redacción.- Un ano máis, o 17 de Maio celebramos o Día das letras galegas, dedicado nesta edición ao historiador e xeógrafo Antón Fraguas (Cotobade 1905-Santiago de Compostela 1999). Nesta data, pero todos os días do ano, dende UGT-Galicia reafirmámonos no insubstituíble papel da lingua galega para todos e todas, para a nosa sociedade, como vehículo de comunicación na súa acepción máis directa pero tamén como parte do noso patrimonio e medio básico de expresión cultural.

Así, UGT-Galicia reivindica neste 17 de Maio como propio o compromiso activo de persoas como Antón Fraguas co idioma galego porque é parte do patrimonio inmaterial do pobo galego e é o noso deber coidalo, difundilo, protexelo e mantelo como unha lingua viva en todos os ámbitos e actividades da sociedade.

Comezar o traballo no eido educativo

Para iso, o Sindicato considera que hai que comezar o traballo dende os máis pequenos, no eido educativo, porque son eles a clave do futuro da lingua galega. Neste senso, insta á Xunta a que se implique na promoción do galego e que sexa esta unha prioridade a nivel de toda a sociedade pero, especialmente, no ámbito educativo, equiparando o galego coa outra lingua oficial de Galicia.

UGT rexeita o uso de calquera lin-

gua como arma arroxa-diza e de loitas de poder. As linguas de cada un dos territorios, como as súas culturas, son tesouros, patrimonio que temos entre todos a obriga de coidar e manter vivas e dentro dun contexto de convivencia sa entre todas as expresións lingüísticas do país.

Exercer libremente os dereitos lingüísticos

Por todo isto, UGT-Galicia insta a toda a cidadanía a exercer libremente os seus dereitos lingüísticos e a esixirlle ás administración o cumprimento das obrigas que en materia lingüística consagran o Estatuto e a Constitución.

Nesta data, na que se trata de reivindicar a memoria, a cultura e a lingua do pobo, precisamente lémbrese a figura do homenaxeado que foi unha das persoas que máis tempo adicou a recoller, sistematizar e coñecer esta riqueza.

O historiador e xeógrafo foi unha das figuras máis importantes do galeguismo polo seu talante ético de defensa permanente do galego e pola súa capacidade de transmitir estes sentimentos a todo o mundo. Levou ás súas costas máis de 300 libros publicados e traballos. Dedicou a súa vida ao estudo da cultura e do



territorio galego nos diferentes eidos, con especial atención á antropoloxía. Ademais, cos seus traballos contribuíu a defender o idioma propio como a lingua de expresión para calquera coñecemento.

Foi historiador, profesor e director e presidente do Museo do Pobo Galego, así como un dos fundadores da Sociedade da Lingua e membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos, no que inaugurou, xunto a Otero Pedrayo, os estudos de xeografía histórica.

Entrou en contacto co galeguismo de mozo, cando estudou bacharelato en Pontevedra, onde comezou a ter interese pola cultura galega grazas a docentes como Antón Losada Diéguez, Castelao e Ramón Sobrino Bugigas. Publicou na revista "Nós" e no xornal "A nosa terra". Ademais, foi profesor na USC e conseguiu a cátedra no instituto da Estrada que lle foi arrebatada ao comezar a Guerra Civil. Cátedra que non recuperou ata 1950.

UGT-GALICIA MANIFESTA A SÚA REPULSA POLA GRAVE AGRESIÓN MACHISTA SUFRIDA POR UNHA TRABALLADORA DE UUA EN VIMIANZO

Redacción.- A Comisión Executiva de UGT-Galicia manifesta a súa máis enérxica repulsa pola grave agresión machista recibida por unha das traballadoras de UUA en Vimianzo.

Os traballadores e traballadoras, xunto con todos os afiliados e afiliadas da UGT, queren trasladarlle á familia e amigos da compañeira agredida toda a solidariedade, afecto e agarimo nestes intres tan difíciles.

UGT sumouse ás concentracións convocadas e insiste en traballar entre toda a sociedade para darlle fin a esta insoportable lacra da violencia contra as mulleres.



FeSP DENUNCIA O SILENCIO DO CONCELLO DE SANTIAGO CANDO SE LLE RECLAMAN MÁIS PRAZAS PARA APARCAR NAS PROXIMIDADES DOS XULGADOS

FeSP-UGT DEMANDA COLABORACIÓN ENTRE EMPRESA, XUNTA E TRABALLADORES Á HORA DE ABORDAR AS OBRAS NO EDIFICIO XUDICIAL DE SANTIAGO

O Sindicato reclama que estas se fagan polas tardes para protexer a integridade dos traballadores e usuarios

Redacción.- O responsable de Xustiza de FeSP-UGT-Galicia, Manuel González, compareceu este martes ante os medios de comunicación en Santiago para explicar as obras que se van facer no edificio xudicial da rúa Viena, en Santiago, e, ao respecto, pediu que se abra xa unha canle de comunicación e coordinación entre a empresa que vai acometer a obra, a Xunta e os traballadores, e que, neste contexto, se nomee un coordinador en materia de prevención de riscos por parte da Administración e outro por parte da empresa.

González explicou que esta situación remóntase a setembro de 2017 cando UGT denunciou ante a Inspección de Traballo o exceso de calor que se rexistraba no devandito edificio. Ante esta denuncia, a Inspección concluíu que non se estaba a cumprir a Lei de Prevención de Riscos Laborais e obrigou á Xunta a arranxar a situación.

A continuación, a Xunta licita a obra que abarca o cambio de caldeira de gasóleo a biomasa, a climatización das plantas terceira e cuarta e un cambio no sistema de luces cara outro enerxeticamente máis sostible.

Manuel González aclara que UGT coñece toda esta información, sobre a licitación, a través do portal de contratacións da Xunta. Polo que, mediante un escrito, pide á Administración galega que abra unha liña de diálogo e información, para garantir a transparencia no proceso, entre a Xunta, a empresa licitadora e os sindicatos con representación no sector. Basicamente, para evitar que as obras, como xa se fixeron noutros edificios xudiciais, se fagan poñendo en risco a integridade e saúde tanto dos traba-

lladores como dos usuarios.

Por isto, o primeiro que se esixe dende UGT é que todas as obras se fagan pola tarde, que se garanta a adopción de todas as medidas de seguridade e prevención que establece a lexislación e que se fagan servizos de limpeza extraordinarios que permitan un normal funcionamento dos xulgados durante as mañás. Todo isto, a xuízo do Sindicato, esixe dunha coordinación entre as partes implicadas, Xunta, empresa e representación dos traballadores.

Dende FeSP-UGT aclárase que xa se lle remitiron sendos escritos con esta petición á Xunta, para que abra unha mesa de coordinación, a aínda non se obtivo resposta ao respecto.

UGT insta ao Concello de Santiago a que escoite e atenda as necesidades de aparcadoiro nas proximidades dos edificios xudiciais de Fontiñas

Outro dos temas que se tratou na rolda de prensa, foi a carencia de aparcadoiros na contorna dos edificios xudiciais tanto da rúa Viena como da rúa Berlín.

Neste punto foi Manuel Díaz Mato, o representante de UGT-Xustiza en Santiago, o que explicou que entre ambos edificios traballan preto de 300 persoas, a isto hai que sumarlle os usuarios e os profesionais que a diario acoden aos xulgados. Lembrou que



nesta zona tamén se aglutinan outros edificios administrativos, como a EGAP, ou o centro de saúde. Polo que a tarefa de aparcadoiro fai a diario imposible.

UGT xa se dirixiu ao Concello, mediante un escrito para pedir que se abra unha canle de diálogo sobre este problema, recibindo como única resposta por parte da Administración local que se fagan acordos con aparcadoiros privados.

Ao Sindicato non lle parece esta unha resposta lóxica por parte da Administración local de Santiago, sobre todo, cando dende UGT si hai unha batería de propostas para ampliar as prazas de aparcadoiro na área que beneficiaría a todos.

Por todo isto, UGT insta ao Concello a que non se peche nas súas posturas e escoite as propostas que se lle queren achegar para solucionar este problema que se vive a diario nos edificios xudiciais de Fontiñas. Como mostra, Manuel Díaz, amosou na rolda de prensa mediante un dossier fotográfico como están aparcados a diario nas beirarrúas os coches, incluso os da policía local e a garda civil.

MANIFESTACIÓN DA INDUSTRIA ELECTROINTENSIVA ESTE LUNS EN SANTIAGO

Redacción.- Os comités de empresa de Alcoa, tanto na Coruña como en San Cibrao; de Ferroatlántica, tanto en Arteixo como Cee e Dumbria; e de Celsa Atlantic convocan unha manifestación para o vindeiro luns, día 20, a partir das 11.00 horas con saída do Estadio de San Lázaro e marcha cara a Xunta.

O lema desta convocatoria é "Xuntos por unha tarifa eléctrica competitiva para

a industria electrointensiva".

Os traballadores destas empresas consideran que se non chega o demandado marco enerxético estable e competitivo o peche é unha posibilidade para cada un destes centros de traballo, coa perda de emprego que isto suporía e o desmantelamento industrial para moitas comarcas. Porque sen industria non hai futuro.

A poster for a manifestation. At the top, it says "MANIFESTACIÓN !!!" in large letters. Below that, it specifies the location "DO ESTADIO DE SAN LÁZARO" and the time "LUNS 20 MAIO" and "11 HORAS". It lists the participating organizations: "ÁS CONSELLERÍAS XUNTA DE GALICIA SANTIAGO DE COMPOSTELA". The main slogan is "XUNTOS POR UNHA TARIFA ELÉCTRICA COMPETITIVA PARA A INDUSTRIA ELECTROINTENSIVA !!!". Other slogans include "SEN INDUSTRIA NON HAI FUTURO !!!" and "NA DEFENSA DOS POSTOS DE TRABAÑO DA INDUSTRIA ELECTROINTENSIVA !!!". At the bottom, it says "SOLUCIÓN ENERXÉTICA XA !!!" and "CONVOCAN OS COMITES DE EMPRESA DE: ALCOA CORUÑA - FERROATLANTICA SABON - FERROATLANTICA CEE & DUMBRIA - ALCOA SAN CIBRAO - CELSA ATLANTIC". The poster features a graphic of a power line tower and a lightning bolt.

OS TRABALLADORES DE PSA VIGO PROTAGONIZARON UNHA XORNADA DE FOLGA EN DEMANDA DE SOLUCIÓNS PARA A EXCESIVA CARGA DE TRABALLO EN MONTAXE

Redacción.- Este xoves, día 16, os traballadores e traballadoras de PSA Vigo protagonizaron unha folga de dúas horas por quenda para demandar solucións ao exceso de carga de traballo que se está a soportar na cadea de montaxe.

O pasado luns os sindicatos mantiveron unha xuntanza co director do centro na que este repetiu constantemente “reflexión e diálogo”, despois de que os traballadores leven máis de cinco meses reclamando mellores condicións laborais no eido de montaxe.

Dende FICA-PSA-Vigo coincide en que hai que falar, dialogar pero a postura da dirección ata o de agora foi todo o contrario, negándose a abordar a creación de postos, a redución das cargas de traballo,

a recuperación de operacións externalizadas, a falta dun mapa de postos existentes fisicamente, a ausencia dunhas rotacións que servan para evitar lesións...

Por iso, de pouco valen as reunións periódicas se a dirección se nega a achegar solucións, a pesar de que reconece que hai sobrecarga de traballo no “sistema 2”.



O Sindicato reitera que está aberto ao diálogo pero tamén demana feitos e solucións a unha situación xa insostible.

OS TÉCNICOS FORESTAIS VINCULADOS AO SPIF ESIXEN A APERTURA DA MESA NEGOCIADORA DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO

Redacción.- Hoxe tivo lugar fronte á sede da Xunta unha concentración dos técnicos forestais vinculados ao SPIF para esixir a apertura da mesa negociadora das condicións de traballo.

Xa hai un ano UGT, CCOO, CIG e CSIF presentaron conxuntamente ante a Secretaría xeral técnica da Consellería de Medio Rural unha solicitude para abrir a mesa de negociación para a actualización do acordo de condicións de traballo do persoal técnico da Consellería de Medio Rural vinculado á prevención e á extinción de incendios.

O cadro deste persoal data do ano 1999, cando non existía a Lei de incendios de Galicia, a Lei de montes de Galicia, a certificación forestal dos montes de xestión pública... Nos últimos anos o desenvolvemento normativo sectorial obriga a este persoal técnico a fiscalizar cada vez máis a xestión do territorio.

A diversidade das funcións, agravada no caso dos técnicos e xefes de distrito, e a carga de cada un deles son obxectivas e cuatificables en obras proxectadas, en dirección de obra e en aproveitamentos forestais executados en montes de xestión pública, en expedientes de axudas públicas, en convenios con concellos, en investigacións de casusas dos incendios forestais, no número de solicitudes de aproveita-

mentos privados fiscalizados, na xestión de medios nos centros de coordinación, na dirección de extinción de incendios forestais, na divulgación forestal para diferentes colectivos mediante charlas e actividades, nas tarefas de extensión forestal ao informar aos cidadáns e, en definitiva, na sistematización e rigor no control do cumprimento da normativa sectorial forestal.

O acordo polo que se rexe o colectivo para a realización do traballo na época de máximo risco de incendios entrou en vigor en 2008 e aínda que está prorrogado tacitamente, non se actualizou dende a súa sinatura, o que provoca un desfase considerable entre as condicións de traballo e as circunstancias legais e económicas do momento actual.

Por iso, demándase unha reorganización das condicións de traballo do



persoal técnico vinculado ao SPDCIF cun aumento substancial do persoal técnico funcionario que permita atender as múltiples tarefas que esixe a normativa sectorial forestal, cun número de días de descanso e de vacacións axeitado e cunha mellora das retribucións. Demándase tamén unha oferta de emprego público de todas as vacantes, así como a segunda actividade e coeficientes reductores.

Despois dun ano, a dilación da apertura oficial da mesa de negociación amosa unha absoluta falta de respecto ao servizo público que exercen os técnicos forestais vinculados ao SPIF e aos propios traballadores.

UGT ADHÍRESE AO CHAMAMENTO DA FIR PARA O VOTO ANTIFASCISTA NAS PRÓXIMAS ELECCIÓNS EUROPEAS

Redacción.- UGT asinou un chamamento, a petición do sindicato italiano CGIL a favor do voto antifascista nas próximas eleccións europeas da FIR (Federación Internacional de Resistentes – Asociación antifascista), na que conflúen 58 asociacións de excombatientes nas forzas dos partisanos, dos perseguidos polos réximes nazi e fascista durante a Segunda Guerra Mundial e dos mozos antifascistas.

Con esta firma, UGT quere resaltar a importancia do voto en contra das opcións fascistas nas eleccións europeas e realizar un chamamento firme aos cidadáns de todos os países europeos para derrotar ao racismo, aos fascismos, ao nazismo, que están máis fortes que nunca tras o período posterior á Segunda Guerra Mundial.

Queremos unha Europa que se opoña a todas as formas de discriminación, que garanta o asilo para os refuxiados e o respecto dos dereitos de todos, particularmente das mulleres e dos nenos; unha Europa do traballo, da educación e dos medios de subsistencia para as persoas necesitadas: unha Europa que se opón a todos os “negacionismos” e revisionismos así como á rehabilitación dos nazis; que protexe os dereitos e as culturas das minorías; que sexa portadora de Paz e da non-inxerencia nos asuntos doutros Estados.

Chamamento da FIR (para a campaña electoral do Parlamento Europeo) – Texto íntegro:

As próximas eleccións ao Parlamento Europeo se levarán a cabo en maio de 2019. Para a Federación Internacional de Combatentes da Resistencia (FIR) - Asociación de Antifascistas, as súas federacións membros en case todos os países europeos e Israel, veteranos da loita antifascista e antifascistas das xeracións de hoxe, estas eleccións son moi importantes por unha variedade de razóns:

Nos últimos anos, a miúdo tivemos que experimentar dolorosamente que a política actual e o desenvolvemento da Unión Europea que non se corresponden cos intereses de gran parte das persoas nos países europeos. En particular, a resposta á situación dos refuxiados e a influencia da fiscalidade de varios Estados profundaron a división social en Europa. Numerosas decisións conducen á exclusión social masiva e ao desmantelamento dos dereitos dos traballadores, á conta dos máis débiles dos respectivos países. Ao mesmo tempo, as tendencias á exe-



cución hipotecaria da "fortaleza Europa" refórzanse masivamente e promóvese o desenvolvemento dunha potencia militar europea para misións internacionais.

Doutra banda, as voces que piden un desenvolvemento dunha Europa democrática, orientada cara á paz, solidaria e socialmente xusta tamén deben ser fortalecidos para ter as bases para unha construción real do progreso da Unión Europea.

Ademais, en moitos países europeos, estamos a ver un aumento significativo dos partidos e grupos abertamente racistas e de extrema dereita. Non só están fortemente representados nos parlamentos nacionais, senón que tamén participan no goberno en varios Estados membro, onde poñen as súas políticas antidemocráticas e racistas na acción do goberno.

As organizacións e grupos antifascistas, antirracistas e que se moven pola paz, así como os sindicatos e os movementos sociais deben unir as súas forzas para participar e contrarrestar con éxito tales desenvolvementos na campaña electoral e logo no Parlamento Europeo.

A base desta acción non é un voto para un partido, senón a defensa común para unha Europa,

Que se opoña a calquera forma de discriminación racial ou xenofobia.

Que promova condicións de vida comparables en todos os países, para evitar a saída forzosa do mercado laboral, necesaria para as condicións de vida.

Traballar para os refuxiados e as minorías e contra a trata de persoas.

Enfrontando os intentos nacionalistas e separatistas garantindo a identidade cultural das minorías e as rexións de Europa,

Que se opoña a calquera forma de negación do Holocausto, negación da loita de resistencia, destrución de sitios conmemorativos, falsificación da historia e rehabilitación de criminais das SS.

Que garanta unha política social que asegure o traballo, a educación, a nutrición e unha vivenda adecuada para todos como base para unha democracia ampla,

Que represente a unha comunidade en interese da xente e afirmar que Europa non pode reducirse ao papel da gran confianza financeira e os lobbies puramente comerciais.

Que avogue por unha política de paz baseada na non dominación en materia de política exterior, senón en solucións de conflitos non militares.

Esta Europa é posible se os pobos loitan activa e vocalmente polos seus intereses.

FIR tomará parte para asegurar que os diferentes movementos políticos e forzas avancen neste camiño. Do mesmo xeito que as federacións nacionais membros avogan nos seus países por alianzas sociais contra os fundamentos antifascistas dunha sociedade, a FIR traballa a nivel internacional para conectar as iniciativas e movementos existentes para converterse nun elemento común e ter unha voz política en Europa.

O CRECEMENTO CONTIDO DO IPC, ESCENARIO FAVORABLE Á SUBA DE SALARIOS

Redacción.- Os prezos subiron un 1,0% no mes de abril en relación co mes anterior, segundo o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estadística (INE), mentres que a taxa interanual situouse no 1,5% cun aumento de 2 décimas respecto á observada no mes de marzo.

A orixe deste crecemento da inflación está moi relacionada coa alza moderada dos paquetes turísticos, servizos de aloxamento e transporte aéreo de pasaxeiros, isto provocou un repunte na inflación sub-

xacente de 2 décimas ata o 0,9.

Tendo en conta que a economía española mantén un ritmo de crecemento levemente máis moderado que en anos anteriores, pero aínda alto, unido ao crecemento contido da inflación, UGT considera que estamos nun escenario favorable para a revalorización dos salarios nos termos acordados entre as patronais CEOE e CEPYME e as organizacións sindicais UGT e CCOO no IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva. O 2,08 % de subida salarial media pactada nos convenios asi-

nados en 2018 axustouse á franxa mínima das revalorizacións acordadas, algo que o sindicato considera claramente insuficiente.

Por tanto, UGT fai un chamamento ás organizacións empresariais a actuar en consecuencia cos compromisos adquiridos e concretar nas mesas de negociación dos convenios colectivos abertos subidas salariais superior ao 2%, así como unha revalorización extra dos salarios mínimos de convenio para situalos no mínimo de 1.000 euros mensuais en 14 pagas.

AS MULLERES, PRINCIPAIS AFECTADAS POLOS RISCOS PSICOSOCIAIS

Redacción.- A vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, reclamou unha maior prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero. “A prevención é unha tarefa de todos e de todas. A falta de perspectiva de xénero nas ferramentas de estudo e vixilancia da saúde e na xestión da prevención de riscos laborais é un feito innegable”.

Cristina Antoñanzas realizou estas declaracións durante a inauguración da xornada sobre a saúde laboral desde a perspectiva de xénero organizada por UGT, onde sinalou, ademais, que as mulleres son as maiores afectadas polos riscos psicosociais e as enfermidades profesionais e “o tratamento da saúde laboral segue sen ter perspectiva de xénero nos convenios colectivos. É certo que todos os convenios conteñen un capítulo expreso referido á saúde laboral, pero son escasos os que perciben este tema de forma adecuada atendendo á perspectiva de xénero”.

A mala calidade do emprego empeora a saúde das mulleres

A vicesecretaría xeral de UGT manifestou que a mala calidade do emprego está a empeorar a saúde das mulleres. “As mulleres, en xeral, decláranse con peor saúde que os homes. Isto ten que ver coa desigual presenza de homes e mulleres no ámbito laboral, que trae consigo unhas peores condicións de traballo para elas”, considerou.

Neste sentido, manifestou que “a temporalidade, o traballo a tempo parcial, unha alta precariedade e a participación masiva en determinadas ocupacións seguen tendo rostro de muller. Do mesmo xeito, unha mala organización do traballo séguese presentando como un factor de risco que su-

pón un problema aínda pendente de resolver. A esta situación únese un factor que inflúe de forma determinante na saúde das mulleres: a dobre xornada. A adxudicación das responsabilidades domésticas e familiares de forma case exclusiva ás mulleres condiciona a súa participación no mercado laboral”.

Por iso, afirmou que, a pesar de que a protección da seguridade e saúde das mulleres no ámbito laboral “véñe amparada pola normativa internacional, europea e nacional, a igualdade plena e efectiva segue sendo aínda hoxe unha tarefa pendente que precisa de novos instrumentos xurídicos”.

Ademais, lembrou que “a crise económica e as reformas lexislativas realizadas ao amparo da mesma empeoraron as condicións de vida e de traballo da poboación traballadora, pero especialmente das mulleres, co consecuente atraso no desenvolvemento de políticas de igualdade de oportunidades, a negociación de plans de igualdade e de protocolos contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo”.

A negociación colectiva, clave para protexer ás mulleres

A xornada foi clausurada pola secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT, Ana García de la Torre, que sinalou que “hai unha falta de consideración do xénero da persoa traballadora nas avaliacións de riscos, do que se derivan unha menor atención e recursos á prevención dos riscos



que afectan en maior medida ás mulleres”.

Ana García sinalou que “a perspectiva de xénero nunca foi tida en conta nas políticas de saúde laboral, pero debe ser aplicada en relación á exposición dos riscos, a prevención destes e as diferentes consecuencias que teña para a saúde”.

Riscos como “que as mulleres ocupan postos menos cualificados que os homes, os empregos son máis precarios e teñen a dobre xornada, co traballo doméstico en maior medida”.

Por iso, reclamou “medidas preventivas para atallar esta situación, máis formación en igualdade para evitar a discriminación por sexo ou o acoso sexual, unha maior vixilancia da saúde incluíndo nos protocolos, a perspectiva de xénero e, en definitiva, abordar a saúde laboral desde a perspectiva de xénero”.

“Temos unha ferramenta cruce para poder abordar este aspecto”, afirmou, “como é a negociación colectiva. Temos que incluír nos convenios cláusulas de prevención de riscos laborais sempre tendo en conta o enfoque de xénero para poder acabar coas situacións de discriminación que existen na actualidade e protexer con máis eficacia ás mulleres do noso país”.

ABRIR XA AS MESAS DE NEGOCIACIÓN PARA IMPLANTAR O CONTROL HORARIO NAS EMPRESAS

Redacción.- A vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, reclamou “abrir as mesas de negociación cos empresarios a todos os niveis, tanto a nivel sectorial como a nivel das comunidades autónomas, para regular o control horario nas empresas. O 12 de maio entrou en vigor o rexistro horario e aínda non se abriu case ningunha mesa de negociación para regular esta cuestión na empresa”.

Cristina Antoñanzas realizou estas declaracións previas á xornada que está a celebrar a Unión Xeral de Traballadores sobre protección de datos. Durante a xornada, que foi inaugurada pola secretaria confederal de UGT, Isabel Araque, o sindicato presentou o protocolo de protección de datos de carácter persoal, datos en materia de igualdade e rexistro de xornada e datos de carácter persoal.

Neste sentido, a Real Decreto-Lei que regula o control horario aprobado polo Goberno “é positivo”, sinalou Antoñanzas, “porque no noso país realízanse case 3 millóns de horas extraordinarias á semana que non son remuneradas, segundo o INE. É importante aflorar toda esta economía mergullada co obxectivo de aumentar os ingresos da Seguridade Social e acabar coa precariedade que sofren moitos traballadores e traballadoras”.

Con este rexistro, “non se pretende controlar ao traballador”, manifestou, “senón saber o tempo que está na empresa, ou denunciar os accidentes de traballo que moitas veces son considerados como unha enfermidade común cando en realidade é un accidente de traballo”.

Xa pasaron dous meses desde a entrada en vigor da Real Decreto-Lei

Por iso, a vicesecretaría xeral de UGT considerou que “non me parece de recibo que a CEOE diga que a Inspección ten que ter dous meses de marxe para ver como se instaura nas empresas antes de denunciar, porque xa se deixaron pasar dous meses desde a publicación da norma no BOE. Hai que darlle ferramentas á Inspección para que saiba en realidade as horas que están os traballadores nas empresas e sancione ás



O TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UNIÓN EUROPEA CONFIRMA A OBRIGATORIEDADE DE ESTABLECER UN REXISTRO DE XORNADA



En sentenza notificada o 14 de maio de 2019, o TJUE resolveu a cuestión prexudicial exposta pola Audiencia Nacional sobre a obrigatoriedade do rexistro de xornada no noso país, en asunto ao conflito colectivo no que FeSMC-UGT é parte.

O alto Tribunal europeo pronúnciase no mesmo sentido que o fixo no seu día a Audiencia Nacional no caso contra Bankia, tamén por denuncia dos sindicatos, e en liña co decreto do Goberno do 8 de marzo e que, desde o pasado 12 de maio, é de obrigado cumprimento.

Desde o sector Financeiro, Seguros e Oficinas de FeSMC-UGT queremos apuntar que non se trata de fiscalizar aos traballadores e traballadoras: trátase de que exista un “Rexistro da Xornada de Traballo fiable e accesible”, como determina a sentenza do TJUE, para que o 100% das horas extras sexan remuneradas (ou compensadas en tempo) e cotizadas á Seguridade Social. Ademais de ser unha necesidade en prol da saúde dos traballadores e traballadoras e o seu dereito para conciliar a vida persoal coa laboral.

que incumpren a lei”.

“Non hai que crear ningunha alarma nin volver ao século XIX, como din os empresarios”, afirmou. “Existen moitas ferramentas informáticas para rexistrar o

control horario na actualidade. Hai que cumprir a lei, tendo en conta tamén a lei de protección de datos para non vulnerar os dereitos dos traballadores, e denunciar a fraude que se está producindo en moitas empresas do noso país”.